

## Coidémonos mutuamente

Estimados párrocos, vida consagrada, colaboradores nos grupos de Pastoral da Saúde:

Este é o lema da campaña do enfermo 2021: **Coidémonos mutuamente**. Unha chamada urxente a cuidar os corazóns cansados, feridos, desesperanzados. Invítanos a responder con creatividade do amor aos enfermos, cuidadores e persoal sanitario tras un ano de pandemia, que temos que comprender e vivir dun xeito coherente esta situación sociosanitaria. Hai mais enfermos nas casas que nos hospitais e residencias ¿Algo haberá que facer? “*Estar próximos*”. **Precísase encontrar estratexias** creativas e misioneras para **cuidalos vínculos** e acompañar, para que os nosos fieis, *demanden o servizo relixioso no hospital, na casa e na residencia e non sexan discriminados*. Os sacramentos son para vivos e necesarios para alimentar, fortalecer a fe e vivir con esperanza.

A pandemia do coronavirus que estalou en España e no mundo de fai un ano, segue e non sabemos cando pasará. Esta pandemia estendeu o sufrimento e a soidade. Vivimos un tempo de incerteza. Cústanos aceptar e vivir a dura experiencia de que somos fráxiles e vulnerables. Descubrimos a necesidade de atender aos colectivos máis vulnerables da nosa sociedade: anciáns nas residencias e nas súas casas, persoas con problemas mentais, seres humanos sen teito... Vimos a gran forza dos xestos solidarios e, á vez, observamos o individualismo, a irresponsabilidade e a indiferenza. Moitos interrogantes morais e espirituais están a pedir unha resposta. A morte de miles de persoas, a maior parte anciáns, aos que os seres queridos non puideron acompañar no seu final nin despedir no seu enterro deixou moita dor, feridas e duelos pendentes de facer. Para superar a pandemia é vital a esperanza, os medios materiais así como os valores morais e os recursos internos de cada persoa. O persoal sociosanitario deu o mellor de si, a risco de contaxiarse, e algúns ata a súa vida, para atender aos enfermos, pero sufriu un gran desgaste físico, emocional do que aínda non se repuxo.

Xesús, o Señor, chámanos a responder, nesta situación excepcional, a **curar, aliviar, consolar e infundir esperanza**. Teremos que facelo condicionados polas normas sanitarias, que temos de gardar, pero salvando esa distancia coa proximidade humana dos corazóns, que ten efectos moi beneficiosos para a saúde corporal, mental, social e espiritual. **Coidémonos mutuamente para servir mais e mellor, afondar nos vínculos comunitarios.**

As Delegacións de Pastoral da Saúde de Galicia, acollendo estas chamadas, propónse dedicar esta campaña 2021, que escomeza o 11 de Febreiro, Nosa Sra de Lourdes, XXIX Xornada Mundial do Enfermo, e remata en España a nivel parroquial coa celebración da Pascoa do enfermo, no VI Domingo (9 de maio) a promover e apoiar a «**Pastoral de proximidade e do acompañamento humano e espiritual**» Esta pastoral que como párrocos, congregacións e institutos relixiosos, equipos pastoral da saúde, sanitarios católicos, capelans e persoas idóneas dos servizos relixiosos hospitalarios e das residencias e nas parroquias xa imos facendo cando queremos acompañar, visitar, acercarse aos **enfermos e maiores** para levarlles calor humana, paz e o consolo de Deus, estar próximos ás súas **familias** para ofrecerlles a atención que precisen, e apoiar ao **persoal sanitario** na súa tarefa.

Queremos animar aos párrocos a cuidar os **grupos** de Pastoral da Saúde, vinculados a Delegación diocesana, que co esforzo e xestos dos seus membros as persoas se sintan menos soas, e vos axuden a pasar da visita sacramental ao acompañamento duradeiro e preciso. **Envío algúns dos materiais**, tamen os tedes na web diocesana e na da Conferencia Episcopal.

Por último recordar un servizo diocesano: o noso **CENTRO DE ESCOITA GRATUITA**. **Contactar por tfno 627 064 918** ou escribir a [centroescoita@diocesetuivigo.org](mailto:centroescoita@diocesetuivigo.org) para concretar un primeiro encontro de entrevistas persoalizadas. Difundilo.

*A vosa disposición Ildete e Benito, delegados diocesanos de Pastoral da Saúde*